

ANEXO GASTOS DE NATUREZA SUBVENCIONABLE

GASTOS DAS XORNADAS INTERNACIONAIS DE EDUCACIÓN AMBIENTAL

A educación ambiental nace como un instrumento para capacitar aos individuos e ás sociedades para facer fronte á crise ambiental que caracteriza á nosa época. Hoxe, máis que nunca, é evidente que os problemas ambientais afectan á calidade de vida das persoas e ás expectativas de benestar colectivo. De aquí emana a importancia da educación ambiental para axudar a construír un futuro ambientalmente viable e socialmente xusto, porque os problemas ambientais requiren non so de solucións técnicas, senón tamén daquelas que se ofrecen a través dos instrumentos sociais, como o debate, a participación e o consenso.

As Xornadas Internacionais de Educación Ambiental teñen como obxectivos:

- Crear un marco de reflexión sobre a historia e os desafíos da Educación Ambiental como ferramenta para contribuír á sostibilidade e á mellora da problemática ambiental.
- Reflexionar sobre o estado e os problemas da educación ambiental en Galicia e outros países con afinidades culturais e lingüísticas como son: Portugal, Brasil e Cabo Verde.
- Contribuír á formación e á mellora profesional dos educadores ambientais galegos para aumentar a eficacia do uso da Educación Ambiental como ferramenta de intervención social.
- Robustecer as relacións de cooperación internacional entre as administracións e educadores ambientais.

Nesta xornadas participarán algunhas das personalidades máis sobresaíntes da Educación Ambiental da Península Ibérica e de países culturalmente próximos a Galicia como son Brasil e Cabo Verde.

Durante o desenvolvemento das xornadas poderemos achegarnos ao estado de educación ambiental en Galicia, Portugal, Cabo Verde e Brasil así como aos seus retos e desafíos. Tamén revisaremos a historia da educación ambiental, as súas contribucións e desafíos.

O desenvolvemento destas xornadas incluírá as seguintes actuacións:

- Coordinación das xornadas.
- Divulgación das xornadas
- Organización e loxística das xornadas

O importe máximo desta actuación será de 15.000 € (quinze mil euros)

GASTOS DA DINAMIZACIÓN DA REDE GALEGA DE RESERVAS DE BIOSFERA

Dende o ano 2014 o CEIDA, co apoio da Fundación Biodiversidad do Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, está a potenciar o traballo en rede das 6 Reservas da Biosfera de Galicia co obxectivo de potenciar a súa identidade e visibilidade así como o desenvolvemento dun traballo conxunto que facilite o logro dos obxectivos individuais e colectivos, fomentar a cooperación e o intercambio de experiencias entre os distintos sectores

de cada Reserva e aumentar o coñecemento dos valores das Reservas mediante a educación, formación, sensibilización e a promoción dunha conciencia pública.

Actuacións a desenvolver:

- Impulso da Rede Atlántica de Reservas de Biosfera

O importe máximo desta actuación será de 6.000 € (seis mil euros)

GASTOS DAS XORNADAS DE TRABALLO CONXUNTO DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL E A UNIÓN INTERNACIONAL PARA A CONSERVACIÓN DA NATUREZA (UICN)

Creada en 1948, a Unión Internacional para a Conservación da Natureza (UICN) tense convertido na Rede ambiental máis grande e diversa do mundo, con máis de 1.300 membros, incluíndo tanto organizacións gobernamentais como da sociedade civil, así como máis de 16.000 expertos de ao redor de 160 países que a converten nunha Rede única nos seu xénero, multicultural e multilingüe, con máis de 1.100 traballadores en 62 países.

Esta Rede pon a a disposición das entidades públicas, privadas e non gobernamentais, os coñecementos e as ferramentas que posibilitan a convivencia do desenvolvemento humano e económico coa conservación da natureza.

A UICN proporciona un espazo neutral no que todas as partes interesadas, incluíndo gobernos, ongs, científicos, empresas, comunidades locais, grupos indíxenas e outros poidan traballar xuntos para implementar solucións aos retos ambientais e acadar un desenvolvemento sostible.

Traballando con moitos socios e apoios, a UICN leva a cabo un amplo abanico de proxectos de conservación en todo o mundo. Combinando os últimos avances científicos co coñecemento tradicional das comunidades locais, estes proxectos traballan para reverter a perda de hábitats, restaurar os ecosistemas e mellorar o benestar humano.

No ano 1988 xurde o Comité da UICN que ten entre os seus obxectivos fundamentais a difusión do coñecemento e a influencia nos marcos reguladores do ámbito da conservación, tanto a escala nacional como internacional.

Dentro destas liñas de actuación do Comité, destaca a comunicación, a difusión de boas prácticas e o intercambio de coñecemento. É, neste marco, onde xurde a necesidade de organizar esta xornada co obxectivo de crear o escenario idóneo para que os membros poidan presentar ás institucións que representan e divulgar o traballo que están levando a cabo en materia de conservación

Tamén esta xornada é unha oportunidade para dar a coñecer aos membros recién incorporados, concretamente, neste caso á Dirección Xeral de Patrimonio Natural, Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, incorporada ao Comité Español como membro da súa Xunta Directiva.

Esta actuación incluirá:

- Organización dunha xornada de presentación de exemplares de boas prácticas en conservación da natureza desenvolvidas polos membros de UICN.

- Deseño de materiais divulgativos
- Divulgación das Xornadas

O importe máximo desta actuación será de 11.000 € (once mil euros)

GASTOS DAS EXPOSICIÓNS ITINERANTES

O CEIDA ten entre os seus obxectivos fomentar o coñecemento dos valores ambientais, co fin de sensibilizar e xerar unha conciencia favorable á conservación e uso sustentable do medio ambiente. Para acadar este fin conta, entre as súas actividades divulgativas, cun programa de exposicións itinerantes que se ceden gratuitamente a todas aquelas entidades interesadas en recibilas nas súas instalacións.

O CEIDA escolleu este formato itinerante para adaptarse á realidade da poboación galega: a súa extraordinaria dispersión e así poder chegar estas mostras a toda a cidadanía galega.

As exposicións cedidas pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural son: •Galicia, Conservando a Natureza, •Aves de Galicia, •Galicia, Biodiversidade, •Os Ecosistemas Dunares, •Rede Natura 2000 en Galicia.

Actuacións a desenvolver:

- Divulgación a través da páxina web do CEIDA, dos medios de comunicación e das redes sociais da oferta de exposicións itinerantes.
- Xestión do servizo de préstamo e dos formularios de solicitude e cesión
- Asesoramento didáctico ás entidades solicitantes.

O importe máximo desta actuación será de 10.000 € (dez mil euros)

GASTOS DA REUNIÓN DO OBSERVATORIO GALEGO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL

O artigo 149.1º.23 da Constitución e o artigo 27.30 do Estatuto de Autonomía de Galicia, faculta á nosa Comunidade Autónoma para establecer normas adicionais sobre protección do medio e a paisaxe.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten a obriga de fomentar a conciencia de que o medio galego é un patrimonio e un ben no que todos os estamentos sociais deben estar implicados.

A Estratexia Galega de Educación Ambiental foi aprobada o 9 de novembro de 1999, no Consello Galego de Medio Ambiente e publicada no DOG nº 205, do 23 de outubro de 2000, froito dos compromisos ambientais adoptados por España nas reunións de Tbilisi e Tesalónica, e seguindo as recomendacións do Libro branco de educación ambiental. Na Estratexia Galega de Educación Ambiental recomendábase a creación dun Observatorio Galego de Educación Ambiental como órgano colexiado de consulta.

O Observatorio Galego de Educación Ambiental foi creado inicialmente polo Decreto 78/2001, do 22 de marzo, e modificado polos decretos 218/2002, do 23 de maio e 6/2005, do 7 de xaneiro. O Decreto 68/2006, do 30 de marzo, regula as funcións e composición do Observatorio Galego de Educación Ambiental derogando os anteriores.

O Observatorio debe ter unha composición plural, con presenza da Administración Pública e de axentes sociais e persoas especialistas en educación ambiental, co obxectivo de que sexa un instrumento de colaboración e participación social para o desenvolvemento da educación ambiental en Galicia e a súa finalidade principal é o seguimento e avaliación da situación da educación ambiental na Comunidade Autónoma de Galicia.

Actuación a desenvolver:

- Convocatoria do Observatorio Galego de Educación Ambiental

O importe máximo desta actuación será de 6.000,00 € (seis mil euros)

GASTOS DO ASESORAMENTO E DOCUMENTACIÓN DO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL


O Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga, con sede no CEIDA, é un centro de información especializado na temática ambiental, sendo as súas principais áreas temáticas a Educación Ambiental, a Conservación e o Desenvolvemento Sustentable.

Co-objectivo de proporcionar material documental que sirva de apoio ás accións do convenio o Centro de Documentación do CEIDA porá a disposición das persoas e entidades participantes un conxunto de publicacións e guías naturalísticas dispoñible.

Actuación a desenvolver:

- Asesoramento ás entidades solicitantes
- Elaboración dunha Guía de Recursos Bibliográficos sobre a Rede Natura (Deseño e maquetación, elaboración de contidos e divulgación)

O importe máximo desta actuación será de 8.000,00 € (oito mil euros)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
DILIXENCIA: Para facer constar que a presente
fotocopia é reprodución fiel e exacta do seu orixinal.

Santiago, 25 XAN. 2018

Asdo.: Manuel Araújo Moreda